
A IMAXINACIÓN E A EXPRESIÓN ARTÍSTICA NA INFANCIA

Texto de LEV VIGOTSKI

Tradución de ELENA SHEREVERA e LORENZO MAROÑO

Epílogo de JUAN CARLOS PARDO PÉREZ

Encadernación rústica. 15 x 21,5 cm. 192 páx. 14 €.
ISBN 978-84-8464-281-7. Biblioteca de Pedagogía, nº4.

«Canto máis vexa, escoite e experimente o neno, canto máis saiba e asimile, canto maior sexa a cantidade de elementos da realidade da que dispoña para a súa experiencia, máis importante e produtiva vai ser a actividade da súa imaxinación»

“A imaxinación e a expresión artística na infancia” foi unha das primeiras obras do gran psicólogo ruso Lev Vigotski. Escrita a partir dos coñecementos científicos do seu tempo e publicada en 1930, segue a ser un texto fundamental, tanto para promover a acción didáctica como para deseñar políticas educativas democráticas.

Vigotski afirmaba que a creatividade existe potencialmente en todas as persoas; que non é privativa dos xenios. Investigou sobre a evolución psicolóxica da infancia, a formación do pensamento e o papel da linguaxe nunha perspectiva socio-cultural: por medio da aprendizaxe en interacción cos adultos. O pensamento existe a través das palabras e, nesta perspectiva, o autor animaba a desenvolver actividades relacionadas coa creación artística na idade escolar, favorecedoras da simbolización e potenciadoras da imaxinación, que inciden na formación de personalidades creadoras.

Por exemplo, Vigotski sostiña que os nenos atopaban nas revistas a aplicación de capacidades moi distintas: «Os que teñen inclinación cara á literatura, escriben; os bos organizadores dirixen as reunións e distribúen o traballo; a quen lle gusta copia, pegar, recortar [...] ocúpase con interese destas tarefas. En resumo, todas as inclinacións dos nenos atopan a súa utilidade na revista». Igualmente, os murais permiten aglutinar ao seu arredor o esforzo colectivo de nenos que participan desenvolvendo os máis variados traballos.

No epílogo do libro, o profesor Juan Carlos Pardo sostén que, no futuro, o ocio vai ser unha “actividade cardinal”. Por iso defende que nesa “sociedade do ocio” vai ser necesaria unha “profunda formación na empatía e nos saberes humanísticos e artísticos”.



-
- **Temática:** reflexión teórica sobre a imaxinación artística na infancia.
 - **Receptores:** educadores; nais e pais; mediadores.
 - **Aspectos destacables:** epílogo de Juan Carlos Pardo Pérez; da colección ‘Biblioteca de Pedagogía’ que dirixe o catedrático de Historia da Educación da Universidade de Santiago, Antón Costa; outros títulos da colección: “A cidade dos nenos” e “Cando os nenos din BASTA!”, de Francesco Tonucci, e “Educación para un mundo novo”, de María Montessori.
-

Lev Semionovitch Vigotski

(Orsha, Bielorrusia, 1896 - Moscova, Rusia, 1934)

Foi un dos máis destacados teóricos da psicoloxía do desenvolvemento, fundador da psicoloxía histórico-cultural e precursor da neuropsicoloxía soviética. Vigotski salienta en “A imaxinación e a expresión artística na infancia” (1930) a función epistemolóxica e a natureza construtiva da actividade creadora, que se pode suscitar a través, tanto do debuxo como da expresión dramática ou da actividade de creación literaria.

«Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2016»

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com
